

Estimado señor/a:

A Consellería do Mar, a través da marca **pescadeRías ¿de onde se non?** da Xunta de Galicia está a elaborar un inventario sobre patrimonio marítimo pesqueiro material e inmaterial co obxectivo de poñer en valor a cultura mariñeira, a actividade pesqueira e marisqueira e contar o relato e o bo facer de persoas, homes e mulleres, que viven ou viviron da pesca artesanal.

O inventario conterá, entre outros, refráns, lendas, ditos, poemas e cantigas, costumes e supersticións, toponimia costeira, fala mariñeira, vídeos e fotografías, que se publicarán na páxina web e redes sociais da marca **pescadeRías, ¿de onde se non?**

Agradeceríamos a súa colaboración na recompilación de información e por elo solicitamos, na medida do posible, documentos, fotografías e vídeos que amosen a cultura mariñeira, así como contar con testemuñas de persoas en activo ou retirados que relaten a evolución dos oficios do mar e as artes e aparellos de pesca ao longo do tempo.

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica conta para a realización deste traballo coa empresa Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega, empresa adxudataria da xestión da marca **pescadeRías, ¿de onde se non?**, que será a encargada de contactar coa súa entidade.

Para calquera tipo de consulta e recepción de documentación ponse a disposición o correo electrónico [pescaderiasdeondesnon.cmrn@xunta.gal](mailto:pescaderiasdeondesnon.cmrn@xunta.gal) e o número de teléfono 656885508.

Finalmente, quero agradecerlle a súa valiosa colaboración. Saiba que somos conscientes do esforzo que supón para vostede atender ás nosas demandas de participación, e por iso reciba anticipadamente o noso agradecemento xa que ese esforzo permitiranos dar a coñecer e poñer en valor a pesca artesanal galega.

Sen máis, reciba un cordial saúdo,

Santiago de Compostela a 07 de abril de 2021

Mercedes Rodríguez Moreda  
Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica  
Consellería do Mar. Xunta de Galicia

